



Da paisaxe ó gráfico desa paisaxe

Isaac Cordal

Este texto reflexiona sobre a nosa percepción do espazo e o tempo en relación coas novas xeografías dixitais¹. A dificultade que atopamos á hora de visualizar as montañas de datos que conforman hoxe Internet; expansións enormes de gráficos e textos cuxo referente inmediato é o espazo físico, os lugares e cidades que nos rodean. Hoxe resúltanos complicado outear este novo horizonte dixital tal como observamos a paisaxe desde o cumio dunha montaña, posto que os novos mapas cartográficos resultan ser inexactos motores de busca que fan que peregrinemos dun significado a outro, dun contido a outro, e a sensación resultante é que cada vez perdemos máis en chairas sen fin de información. Á súa vez sentímonos colonos dun contorno que se volatiliza ó saír do noso domicilio e que cambia extraordinariamente o noso concepto de exterior; este xa non significa estar fóra do fogar á intemperie. O fóra mantén potentes conexións con lugares remotos a miles de quilómetros de distancia. Pasamos de observar a paisaxe ós múltiples gráficos posibles desa paisaxe².

www.lantania.com/mapa/blogaliza.php

En Galicia mantivemos unha correspondencia intensa coa “distancia” por mor da nosa relación coa emigración, e o illamento xeográfico como consecuencia da escaseza de infraestruturas que nos unisen a outros lugares da Península. En 1749 comeza a construción da estrada da Coruña-Madrid. A locomotora

chegou vía marítima a Vigo en 1875 (non se inaugurou o traxecto a Ourense ata 1881), e hoxe os trens de longo percorrido aínda nos lembran a aqueles mesmos. No ano 1913 o porto marítimo de Vigo consolidouse como epicentro de embarque para América da poboación galega, sobre todo da súa poboación rural, partindo ese mesmo ano 59.693 emigrantes. As fotografías de Virxilio Viéitez ou Manuel Ferrol son un testemuño gráfico da nosa historia máis recente; retratan a distancia, a relación gráfica e epistolar que se mantiña desde a aldea a un lugar remoto en América. As fotografías convértense en testemuño de se o diñeiro chegaba ó seu destino, e este convertíase en sustento da familia en Galicia ou nun símbolo de prosperidade; nunha radio por exemplo. A crueza da emigración por necesidade hoxe disfrázase nunha emigración formativa ou de aventura; formativa no sentido que moitos mozos abandonan Galicia pola deficiencia do seu sistema educativo (non se ofertan apenas posgraos ou másters de materias específicas, e a isto se lles suma a escaseza de axudas á investigación científica), ó que se lle unen con naturalidade a falta de emprego e a ansia de ver mundo.

Non é que os percorridos en quilómetros se acurtasen ou se revisase a distancia como unidade de medida (correndo a sorte de Plutón), pero si que cambiou a nosa percepción do percorrido e a espera. A comodidade que supoñen os avances técnicos modulan a forma

en que recibimos a información do fóra. Se recuamos quince anos e sacamos as mans dos petos, apenas teríamos unha referencia electrónica entre as nosas pertenzas. Hoxe comunicámonos co coche, co caixeiro, co autobús, coa familia... por medios electrónicos. Isto implica que ás veces tamén nos sintamos estragados se algo non funciona.

Un traxecto realizado polos nosos avós non ten nada que ver co que poidamos realizar hoxe cos medios de transporte dos que dispoñemos. É certo que os barcos que partían a América tardaban entre 17 e 18 días de travesía e que hoxe en día o traxecto en barco dura o mesmo. De sobra sabemos que non é o mesmo subir polas escaleiras que facelo por medio do ascensor. Hai pequenos actos cotiáns asociados ós avances técnicos que eliminan percorridos, que fan que a distancia se esvaeza pouco a pouco ata desaparecer. Os cambios son cuantiosos no estado do benestar a medida que o industrialismo se converte en ferramenta de expansión do capitalismo; fixémonos nos cambios que supuxeron a revolución dos transportes e a mellora nas infraestruturas das estradas e autoestradas facilitándonos o acceso a lugares afastados nun período de tempo relativamente curto.

Ambos os dos termos, espazo e tempo, percibímolos mediante novas unidades de medida, con outros dízitos, óptica e escalas diferentes que converten en máis pequeno o mundo predicando metaforicamente o que se fai chamar a morte da distancia³. Isto débese á mellora das infraestruturas, ás telecomunicacións, á "velocidade" que ambas as dúas nos propoñen nas nosas relacións sociais. Desde que o primeiro cableado do mundo comezou a expandirse en 1850, (só seis anos despois de que Samuel Morse demostrase a viabilidade da telegrafía), se chegou á conexión masiva dos 90 por medio da fibra óptica, e á ausencia de cables a

principios do S.XXI cos sistemas sen fíos de telefonía. De todos modos, non podemos deixar de falar de múltiples dicotomías que se solapan entre os espazos físicos e virtuais. Encontrámonos entre un mundo rural e outro urbano, un mundo analóxico e outro dixital, un mundo natural e outro sintético, un mundo informado e outro desinformado, un xornalismo tradicional e un xornalismo participativo. Da teoría e da práctica. Do primeiro e o terceiro mundo. Do pasado e o presente convivindo nun mesmo plano. En definitiva, da nosa capacidade para xerar montañas de datos como testo ou entretemento da nosa enigmática existencia.

Neste ano que comeza asáltame a dúbida de se nos sentimos coetáneos do que se publicita como "tempo real"⁴, e se isto implica que definitivamente os Media nos distancian do obsoleto calendario de parede impreso, ou se a súa influencia se converte nunha realidade asociada á mercadotecnia máis rendible do benestar e o progreso asociado ó consumo de novas tecnoloxías. Lembremos que vivimos nun momento en que na illa de Manhattan hai máis conexións a Internet que en todo o continente africano. Convivimos, pois, en tempos e espazos que difiren entre si, como comenta Paul Virilio: *igual que existe a contaminación da natureza existe unha contaminación das dimensións reais*⁵.

O espazo urbano expándese entre o rural e as grandes aglomeracións de xente nas cidades. A estraña sensación dunha individualidade que nestes tempos poderíamos dicir que vén *por defecto ou de fábrica*, propensos a unirnos ó espectro colectivo, a vivir en comunidade por curiosidade e por medo a sentirnos illados. Adoramos todo aquilo que a inercia adorna como un síntoma da evolución, pero con ese halo sintético de illamento que nos acompaña desde o noso nacemento e que a medida que medramos se padece. Parece que

a xenética se alía co home e herdamos unha seguridade que é colectiva, pero que sempre regresa a un encontro hostil cos nosos propios medos e dúbidas, un reencontro co enigma. Hai como unha estraña morriña pola unidade. Rafael Argullol apunta en *Aventura*. Unha filosofía nómade; *fáltanos a firmeza e sentimos morriña de algo perdido ou, polo contrario, aínda non descuberto*. Tamén destacar cómo cambiou a nosa situación na arquitectura social. O autor de *E-topía*, William J. Mitchell, comenta as concentracións nas urbes antigas arredor dos pozos de auga por causas de subsistencia e que se convertía nunha especie de centro neuráxico por defecto da comunidade. Esta situación cambia a partir da creación de canalizacións para o consumo básico de auga, polo que se vai relegando a concentración comunal arredor dos pozos ata rematar desprazándose paulatinamente o centro. Así, as aldeas estendéronse pouco a pouco ata se converter en cidades. Digamos que das canles da auga pasamos ós condutos eléctricos, ós telefónicos e agora a condutos dixitais que transportan a información, o chorro expansivo da cultura. Comenta William J. Mitchell: *A historia repítese, esta vez porque o sistema de provisión de información cambiou*. Antes, tiñamos que ir a lugares para facer cousas; iamos traballar, a casa, ó teatro, a conferencias, ó bar da esquina ou saíamos por aí, sen máis. Agora temos canalizacións para bits, redes dixitais de gran capacidade para transportar información cando e ónde queiramos. Isto permítenos facer moitas cousas sen ter que ir a ningunha parte; xa que logo, os antigos lugares de reunión xa non nos atraen; as organizacións frágíntan e dispérsanse; os centros urbanos non se manteñen; dá a impresión de que a vida pública vai desaparecendo⁶.

A velocidade á que nos desprazamos xerou en nós a incapacidade de enfocar nitidamente o percorrido dun lugar a outro. ¿Convertemos a natureza niso que vemos dunha cidade a

outra? Encontrámonos no paradoxo de estar mellor comunicados que nunca, e con iso descubrimos o incomunicados que estamos fóra da realidade da mercadotecnia. Paul Virilio comenta sobre a velocidade: *Non é simplemente un problema entre dous puntos, é un medio que está provocado polo vehículo (...). O poder é inseparable da riqueza e a riqueza é inseparable da velocidade. Quen di poder, di ante todo, poder dromocrático -dromos procede do grego e quere dicir carreira-, e toda sociedade é unha "sociedade de carreiras" (...). A velocidade é o poder mesmo⁷*. Era dixital é un medio de transporte que nos permite que xa non teñamos que desprazarnos para solucionar determinados asuntos. Non só chegamos antes ó noso destino, mesmo evitamos ter que desprazarnos. A ninguén, no primeiro mundo, lle asombra que poidamos solucionar problemas desde calquera lugar grazas á telecomunicación sen fía. Isto supón que moitos trámites burocráticos están a desaparecer, e xa que logo exponencialmente tamén se esvaece a nosa presenza física en determinadas arquitecturas sociais. Digamos que desaparecen as colas e hoxe realízanse mercas de todo tipo desde a casa como un eslogan do benestar máis rendible.

Este *non desprazamento* tamén modifica a nosa maneira de nos relacionar socialmente. Os puntos de encontro, ou de desencontro, non son forzosamente presenciais. O formato das manifestacións antiglobalización, as *ciberprotestas*⁸, son o estandarte do *hacktivismo* como complementación do activismo presencial.

Hai dúas xeografías ben diferenciadas pero que se solapan: o espazo físico e o espazo simulado ou virtual. O espazo físico como todo iso que nos rodea; a nosa intemperie máis inmediata que abrangue cidades e a natureza. E o espazo simulado ou virtual, que emerge dun ordenador conectado en rede, e que é o

máximo estandarte do home como creador de espazos; autopoiése como resultado de séculos de experimentación técnica. A especulación urbanística converteuse nunha fonte de ingresos, un investimento seguro e o símil que existe entre a construción de edificios reais e a construción de espazos na rede é xa demasiado palpable. As páxinas web convertéronse nunha especie de tapadeira gráfica que acumula datos sobre as nosas actividades profesionais, de lecer, etc. Digamos que utilizan a mesma linguaxe mercantil. Estructuras urbanizables que se agrupan en veciñanzas temáticas, a rede é un espazo sen límites, sen hora de peche, sen noite e día, e as resacas dixitais desbordan a nosa capacidade de asimilación de información. Resúltanos estraña esa convivencia entre dous espazos que comezan a ser cotiáns, e confúndenos non ver o valo e muros que acouten as parcelas de ambos os dous, non somos conscientes de permanecer e desaparecer en ningún deles. Experimentamos a singular sensación de perda dun epicentro concreto no que o espazo se despraza baixo os nosos pés.

As comparacións entre ambos os espazos son xa demasiado evidentes. Existen direccións para nos situar tanto no espazo físico coma na rede. O código postal é o mesmo que unha Url, cos seus respectivos datos relativos ó host onde hospedamos datos nun servidor remoto a quilómetros de distancia. Hoxe xa non nos inclinamos e debuxamos na área mapas rudimentarios, furgamos no peto e descubrimos un compás amoratona polo seu desuso. Encontrámonos que a cartografía de Google, co seu proxecto google maps, nos ofrece unha visión cenital do noso propio escenario cotián. Ante esta nova visión, o Gran Hermano que predica Orwell convértese nun dos múltiples modelos de representación gráfica que visualizan mapas semánticos en Internet. Substituímos a nosa idea de paisaxe polo gráfico desa paisaxe. Moitos dos espazos web que

visitamos a miúdo resúltanos complicado situalos xeograficamente, posto que os sinais son insuficientes, parece que esa información xa non é do todo necesaria; desaparece a dirección postal e os sinais limitáanse a un mail. Non é que sexa definitorio, pero polo menos é significativo; non lle damos importancia á nosa situación espacial, os nosos sinais clásicos, dirección, código postal, número, cidade tenden a desaparecer como modelos para entrar en contacto.

Non desaparece todo o que vemos fóra pero cambiou o seu aspecto. A nosa forma de nos relacionar segue protocolos e mecanismos clásicos, non hai máquina do tempo, pero vivimos un tempo maquínico que o pulveriza. A correspondencia en papel non desapareceu e mesmo se pode dicir que aumentou a poboación que se relaciona por medio de mensaxes de texto, na telefonía móbil son máis esquemáticos, cunha gramática que quere ser código. O soporte físico de moitos obxectos que antes cumprían funcións domésticas simples convertéronse en complexos suxeitos intelixentes con múltiples funcións. Pasamos da espera do correo postal ó envío inmediato de mails e a participación en chats a tempo real. Gáñanse unhas cousas pero pérdese tamén esa materialidade epistolar que converte a distancia en protagonista. En xeral, podemos falar dunha perda táctil.

Podemos observar numerosos exemplos sobre a *visualización de datos* que nos achegan unha visión esquemática da maraña de enlaces que constrúen a rede de redes; desde un mapa das emocións que nos describe o estado anímico de determinados grupos de usuarios a tempo real. A continuación presento algúns traballos que cumpren unha función comparable á cartografía tradicional. Proxectos como *We feel fine*, *ClustrMaps*, *[.logicaland]*, *Newsmap*, *Tree code*, *Buzztracker*, son un bo exemplo que nos mostra un achegamento a

esa visión peregrina de observar o horizonte dixital. Con estes traballos, aparte de navegar na rede, podemos situarnos nela nun sentido físico xa que temos unha referencia de ónde nos encontramos e mesmo as coordenadas dese lugar por medio do GPS.

*ClustrMaps*⁹ ofrece unha ferramenta libre a modo de mapamundi, que reflicte mediante puntos de cor vermella as visitas que unha páxina web recibe desde diferentes países. Con este gráfico podemos facernos unha idea da fluidez da rede; permite localizar xeograficamente a todos os visitantes dunha web.

Con todo iso, ¿deixamos de *nos sentir illados*? Non o creo. O estar conectado non podemos interpretalo como sinónimo de estar vinculados. O sentimento de illamento na rede tampouco desaparece¹⁰. Nunha cidade, a pesar de estar “conectados” cos nosos veciños só estamos “vinculados” cun determinado número de persoas. En Internet ocorre exactamente o mesmo por moito que as empresas de telecomunicacións se empeñen en publicitar que a presentación de interconexión implica unha especie de socialización por defecto, cando en realidade é só un medio de transporte de información que depende directamente do uso que cada un faga. Esta nova relación co espazo cambia a nosa percepción del e, por conseguinte, a nosa maneira de nos relacionar socialmente. Dalgún modo redúcense as distancias contaxiando a que a nosa percepción

do tempo sexa diferente. Comenta Derrick de Kerckhove *O gran problema coa realidade é que gran parte dela está sempre en movemento, sempre cambiando cando se tenta atrapala . (...) Así como a nosa visión natural divide a súa tarefa entre ver os obxectos e analízalos, a perspectiva como estratexia visual permitiulle a toda a nosa cultura soste-lo mundo no espazo e analízalo no tempo*¹¹.

[./logicaland] é unha peza de net art (www.logicaland.net/) que inclúe un contorno gráfico interactivo no que rexistrándote como usuario podes achegar a visión económica, social, política, medio ambiental e demográfica do espazo físico no que resides. A medida que te introduces na particularidade do contorno gráfico pódense observar as desigualdades do sur en termos de poboación dixital: case desaparece. Este proxecto especula cómo será o planeta nos próximos anos. Podes observar cómo, de seguir así, no ano 2017 haberá tanta poboación mundial, a pobreza, os ecosistemas de cada zona etc. As estatísticas convértense na columna vertebral dos gráficos que emulan os mapas cartográficos modernos. A convivencia entre as polaridades do mundo, obviamente, neste tipo de proxectos obsérvase claramente, existe un gráfico e onde non o hai é porque aínda a poboación non ten acceso ás novas tecnoloxías.

We feel fine de Jonathan Harris e Sepandar Kamvar, é unha obra complexa que



esboza as relacións humanas que se producen nos principais sistemas de blogs da rede como son LiveJournal, MSN Spaces, MySpace, Blogger, Flickr, Technorati, Feedster, Ice Rocket, e Google. Cada dez minutos postéanse fotografías e fragmentos de texto que teñan relación coas palabras “eu sinto” ou “eu estou a sentir” e *Wefeelfine* rastrexao. Con iso esboza dalgún modo o sentir emocional dunha parte dos usuarios a tempo real. Á súa vez mostra información da situación espacial do remitente (así como a climatoloxía do lugar etc.), a idade, o sexo... Con cada frase que aparece podes acceder ó blog de orixe.

As pautas que se utilizan para procesar os contidos en *We feel fine* son similares ós motores de busca que rastrexan semellanzas entre palabras e non por contidos, polo que o seu resultado ten ese halo mecánico das traducións automáticas e percíbese a medias o “bo rolo” que revela a porcentaxe nos seis

sensación básica de visualización de núcleos posto que moitas veces transitamos por lecturas das nosas rss¹², cun itinerario de partida que se bifurca moi doadamente en derivacións distintas pero de contido similar. Por iso, a necesidade de poder outear o horizonte, de ter unha referencia visual do que esta ocorrendo, *We feel fine* rastrexo entre 15.000 a 20.000 sensacións por día.

Este proxecto inspirouse noutro chamado *Listening Post*, de Ben Rubin e Mark Hansen. Esta instalación mostra fragmentos de texto a tempo real de milleiros de chats de Internet, de táboa grandes de anuncios e doutros foros públicos. Os textos son lidos (ou cantados) por un sintetizador de voz, e exhibíense simultaneamente a través dunha reixa de máis de dúscenas pantallas electrónicas pequenas.

10x10™ é outro traballo na rede de Jonathan Harris. Consiste nunha exploración



1

movimentos da exploración humana que pro poñen. O realmente interesante deste proxecto, aparte de que a súa execución é impecable, é como cada vez máis a rede se converte nun material maleable xerándose intentos de focalizar nodos que nos permitan facer zoom ó que ocorre a tempo real en certos espazos web sen vínculos aparentes, algo ó que estamos afeitos cando atravesamos unha cidade na que podemos observar cómo se relaciona a xente nela. Internet, ata agora, carece desa

interactiva das palabras e os cadros que definen o tempo. Cada hora, 10x10 recolle as 100 palabras e cadros alimentados polas rss de canles de información como Reuters, o *BBC* e o *New York Times* e móstranos desta maneira as palabras clave dos acontecementos nos que se ve inmerso o mundo (ou o que estas canles achegan) fai unha hora. Pode consultarse o proxecto na seguinte url: <http://www.tenbyten.org/>.

Tree code é un dos traballos que máis me gustaron na rede. Este proxecto pertence ó colectivo Texone.org. O usuario pode escribir a URL de calquera web que se lle ocorra e a interface gráfica transforma a estrutura sintáctica do código fonte da páxina referenciada nunha estrutura arborescente representada por unha imaxe que ilustra unha árbore co tronco e as súas ramificacións. Cada ramificación é a representación gráfica de todos os acoplamentos do HTML das carpetas e links ós que está unida a web simulando desta maneira toda a maraña e tramado interno do código fonte dun web site converténdoo nunha especie de bosque dixital. A primeira árbore corresponde ó dominio; segundo a sintaxe da Web, cada un que se acumula representa unha páxina secundaria incluíndo todos os elementos existentes. As cores reflicten os valores da cor do dominio.

Newsmap é unha forma de visualizar as noticias rapidamente e que mellora a nosa capacidade de acceder ós fluxos de información. É un mapa de texto orgánico que se retroalimenta directamente do número de noticias similares que indexa Google. Cada cor representa un campo de contido, o tamaño de cada noticia fai referencia á importancia (imaxino que esta dependerá de en cuántos medios de comunicación aparece o mesmo contido), e a intensidade marca se os artigos son recentes ou non.

- 1 Cada vez máis se fala da xeografía da información. O Atlas del Ciberespacio que propón Martin Dodge & Rob Kitchin desde a Universidade de Londres. Un traballo de investigación que recolle numerosa información sobre xeografía dixital. Reflexiónase sobre termos relacionados co espazo dixital como paisaxes de información, mapas de web, mapas de tempo, mapas de wireless, gráficos que lembran a cartografía tradicional e outros que representan con formulacións novas distintos aspectos das posibilidades de acoutar o territorio dixital. URL: <http://www.cybergeography.org/atlas>
- 2 Desde que en 1972 puidemos observar as primeiras imaxes da Terra realizadas pola NASA como un planeta azul, como unha toda, a nosa concepción do espazo cambiou a toda velocidade. Mesmo esa referencia non deixa de ser un gráfico desa paisaxe. Non só nos afastamos uns metros do lenzo que contemplamos senón que podemos facelo varios quilómetros. En realidade, con esa visualización comezamos a ter unha visión global da nosa situación no Universo. Desde esa data ata agora os satélites evolucionaron e utilizáronse para fins comerciais, o que supón que teñamos doadamente acceso a eles.
- 3 A morte da distancia é un libro de Frances Cairncross. Na súa segunda edición, (debida a cómo evolucionó todo tan rapidamente en Internet) o 70 % do seu contido principal é novo. Un libro impreso que asume roles propios das actualizacións propias dos programas de ordenador na súa segunda edición pasando a chamarse A morte da distancia 2.0. El ciber mundo: la política de lo peor. Paul Virilio.
- 4 O concepto de tempo real vén do procesamento dixital de sinais. Nunha descrición moi curta un sistema de tempo real é aquel capaz de procesar unha mostra de sinal antes de que ingrese ó sistema a seguinte mostra. Definición da Wikipedia.
- 5 El ciber mundo: la política de lo peor. Paul Virilio.
- 6 J. Mitchell, William. E-topía . Ed. Gustavo Gili, SA. Páx 8.
- 7 Por medio de sentadas virtuais os internautas colapsaron con éxito os servidores on line das empresas propostas como obxectivo. Un dos casos máis coñecidos é o da disputa entre a empresa americana eToys.com contra o colectivo artístico suízo Etoy.com: unha trifulca monumental pola posesión do dominio que lles dá nome a ambos os dous (a pesar de que non é o mesmo). Convértese nunha loita pola liberdade de expresión na rede, a matización de que a represión e o poder económico non son moeda de cambio lexítimos no ciberespazo. O xogo sucio da filial americana por facer desaparecer o colectivo artístico, aludindo a que a súa presenza na rede confundía en certo modo a súa actividade empresarial, púxollos

no punto de mira da ciberprotesta mundial. Un simple script a modo de loop na grella on line de compra da empresa colapsou as vendas desta a cero. O "soldado" de Etoy.com adquiría produtos diversos cancelando a operación no momento de pagamento, así durante as 24 horas do día. Consecuencia: a empresa non vendía un só artigo. Esa mala imaxe de eToy.com fixo que lle pasase factura á súa cotización en bolsa conducíndoa á quebra nun prazo de tres meses. Virilio, Paul. El Ciber mundo, la política de lo peor: entrevista con Philippe Petit.

- 8 Virilio, Paul . El Ciber mundo, la política de lo peor: entrevista con Philippe Petit.
- 9 ClustrMaps. URL: <http://clustrmaps.com/index.htm>
- 10 Os Hikikomori son adolescentes e adultos novos que se ven atafegados pola sociedade xaponesa e se senten incapaces de cumprir os roles sociais que se esperan deles, reaccionando cun illamento social. Os hikikomori a miúdo rexeitan abandonar a casa dos seus pais e pode que se pechen nun cuarto durante meses ou mesmo anos. Segundo algunhas estimacións, pode que haxa un millón de hikikomoris en Xapón (un de cada dez homes novos). A maioría deles son varóns, e moitos son tamén fillos primoxénitos. Wikipedia.
- 11 A pel da cultura. Investigando a nova realidade electrónica. Derrick de Kerckhove . Pp. 60-61.
- 12 O RSS non é outra cousa que un sinxelo formato de datos que é utilizado para syndicar (redifundir) contidos a subscritores dun sitio web. O formato permite distribuír contido sen necesidade dun navegador, o cal tamén pode verse como desvantaxe xa que necesita da instalación doutro software. Algúns adiantos permitiron utilizar o mesmo navegador para ver os contidos RSS mediante programación dos denominados scripts de interpretación. Así, tamén as novas versións dos navegadores permitirán ler os RSS sen necesidade de software adicional. Definición da Wikipedia.

Ilustracións

- 1 Imaxe da Instalación Listening Post, de Ben Rubin e Mark Hansen.